

DISTRIBÚE CONXUNTAMENTE UNHA RECOMPILACIÓN DA MÚSICA  
CINEMATOGRAFICA DO COMPOSITOR CORUÑÉS MANUEL BALBOA

## A Academia Galega do Audiovisual presenta o segundo número de “Papeis da Academia”

**Santiago de Compostela, 28 de Novembro de 2008.-** A Presidenta da Academia Galega do Audiovisual, María Bouzas, presentou esta mañá no marco do Festival Cineuropa un novo número da publicación *Papeis da Academia*, posta en marcha o pasado ano pola entidade como plataforma de opinión dos seus membros e testemuño do acontecer audiovisual galego ao longo dun ano.

Nesta ocasión, xunto con *Papeis da Academia*, a Comisión de Publicacións da AGA inicia *As músicas da Academia*, unha liña de recompilacións en formato CD dedicada a difundir e homenaxear o patrimonio da música cinematográfica do noso país, comezando pola que o compositor Manuel Balboa (A Coruña, 1958) creou para os filmes “Martes de Carnaval” (1991), “El baile de las ánimas” (1993) e “Canción de cuna (1994). A banda sonora desta última película foi nominada pola Academia de Cine de España no apartado de Mellor Música Orixinal para os Premios Goya de 1994 e polo Círculo de Escritores Cinematográficos nos seus galardóns anuais. O CD, que se distribúe conxuntamente co libro, inclúe unha biografía profesional de Balboa e uns breves apuntes sobre o autor, escritos polo actor e poeta Lino Braxe, quen fai fincapé na singulariedade da linguaxe musical de Balboa, lonxe de catalogalo como un compositor neorromántico sen máis.

Na presentación de *Papeis da Academia*, que neste número recolle a actividade do audiovisual galego dende xullo de 2007 a xuño de 2008, acompañaron a María Bouzas o catedrático de cine e membro da Comisión de Publicacións da Academia Ángel Luis Hueso; o directivo da entidade, compositor e músico Nani García, como coordinador do CD; e o actor e escritor Lino Braxe. Así mesmo estiveron presentes o director de Cineuropa, José Luis Losa, e a subdirectora do Auditorio de Galicia, Silvia Modia, en representación da Concellaría de Cultura do Concello de Santiago.

Coma na anterior edición, a publicación reproduce os debates que tiveron lugar ao redor das actividades organizadas pola Academia: por unha banda, *O Estado das Cousas* celebrado en xuño, no que a través dos foros virtuais da entidade reflexionouse sobre a crise do modelo audiovisual clásico, as relacións coa literatura, a lingua e os Premios Mestre Mateo, e por outra, o *Foro Academia Aberta*, que en

novembro do ano pasado tratou sobre o novo escenario televisivo que marca a chegada da TDT.

A publicación, aberta á participación de todos os académicos, recolle artigos sobre a medida das audiencias de televisión, por Jorge Mira e César Sánchez (Universidade de Santiago); sobre a revolución do audiovisual-multimedia que supón a chegada de novas fiestras de distribución e novos soportes para o consumo de contidos, por Cani Martínez, Katia Fraguela e Elena Couto (Filmanova); sobre o estilo de vida dixital que abren as novas tecnoloxías e que permiten a mobilidade e o acceso a fontes informativas antes pechadas, escrito por Manuel Cristóbal; e, finalmente, sobre a experiencia do audiovisual no mundo virtual Second Life, por Luis Hernández e Viviana Barneche (Videalab-Universidade da Coruña).

O apartado de Opinión conta coas aportacións de Manolo González, director da Axencia Audiovisual Galega, e de Marcos Nine, David Pardo, Piti Sanz, Sergio Moure e Jorge Coira, mentres que no capítulo adicado á Producción atópanse as experiencias e reflexións de Ángel de La Cruz, Ignacio Vilar e Alberto Pereira, Iván López Gimeno, Ángel Nimo e Ramón Campos, así como unha análise sobre o documental en Galicia, por María José Arrojo, e as fichas das obras estreadas entre o 1 de xullo de 2007 e o 31 de xuño de 2008.

A publicación complétase coa listaxe dos festivais celebrados en Galicia, as subvencións ao sector, unha cronoloxía dos principais fitos acontecidos nos doce meses, e un obituario no que se rende homenaxe aos compañeiros falecidos, Gonzalo Uriarte pai, Quino González, Agustín Díaz Blanco, Anxo Carballeira, Eduardo Díaz, Eugenio Pena, Humberto Mazoy, Emilio McGregor, John Balan e Xoán Guisán.

*Papeis da Academia 07-08* está patrocinada pola Consellería de Cultura e Deporte, a través da Dirección Xeral de Creación e Difusión Cultural; a Secretaría Xeral de Comunicación, a través da Dirección Xeral de Comunicación Audiovisual; o Concello da Coruña e o Consorcio Audiovisual de Galicia. Así mesmo, conta cunha subvención da Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia e coa colaboración da Axencia Audiovisual Galega.

**Máis información:** Gemma Castiñeira  
Prensa  
Telf.- 616 219 610  
**Academia Galega do  
Audiovisual**